

# Abracadabra Nº 31

**POR FIN ... VACACIÓNS!!**

**PASATEMPOS:  
CHISTES , LABIRINTO, SOPA DE LETRAS ...**

**GALERÍA DE FOTOS**

**LECTURAS REFRESCANTES**

**SABÍAS QUE ...?**

**QUE HAI DE NOVO ...?**



# E POR FIN ... VACACIÓNS!!!

E por fin... vacacións!!!!

🎵 Vou de vacacións... 🎵 vou de vacacións... 🎵

Ahh!!! Estabades aí?

Que traxe de baño meto na maleta? O vermello ou o verde?...

Si, mellor meto os dous. Van facer falta. Porque me vou de vacacións a un cámping, e claro, vou pasar o día na praia!!!! Isto das vacacións é un invento xenial. Pero non vos creades que existiron desde sempre. De feito, ao longo da historia podemos atoparnos con distintas curiosidades ao redor do termo vacacións. Así, na antiga Roma estaban os Días Vacantes que, ao contrario do que podamos pensar, eran días que se traballaba pero que non tiñan obrigas relixiosas. Ao achegarnos un pouco máis no tempo, atopámonos coas vacatio xudiciais, que son, segundo consta nas Partidas de Alfonso X, na idade media, as vacacións xudiciais ás que tiñan dereito os campesiños. Estas vacacións consistían en que durante os dous meses de máis traballo no campo, os campesiños tiñan dereito a non ser citados polos tribunais. Estes meses coincidían co verán. E claro, unha cousa leva á outra e... como os xuíces non tiñan apenas traballo neses dous meses, decidiron tomarse o verán de descanso.

Si que eran listos!!!!

E agora vén o mellor.

O Clero decidiu seguir o exemplo dos xuíces e uniuse a este descanso nos meses de verán, o que nos veu moi ben, porque nesa época, eran eles os que practicamente se encargaban da docencia. Así foi como os nenos tamén pasamos a gozar deste maravilloso privilexio. Por certo, hoxe en día, o ano escolar en España ten entre 174 e 175 días de clase, sendo a media en Europa de 180 días. De feito, en Inglaterra os días lectivos ascenden a 190 e en Alemaña a 195.

En canto ao turismo, sábese que xa na época dos romanos, os patricios, aproveitando as calzadas construídas baixo o mandato do emperador Adriano no século II, trasladábanse, ao chegar o verán, á Galia e a Hispania. Tamén os aristócratas franceses, alá polo século XVIII, viaxaban á Champagne desde Versalles ou París. Pero non foi ata a expansión do ferrocarril, no século XIX, cando as clases populares empezaron a facer as súas primeiras incursións turísticas.

Xa rematei de facer a maleta!!!!, así que sentíndoo moito... vou á praia!!!!!! Vémonos no próximo número.

Felices vacacións!!!!

O dereito ás vacacións foi consagrado o 10 de decembro de 1948, no artigo 24 da Declaración Universal de Dereitos Humanos: "Toda persoa ten dereito ao descanso, a gozar do tempo libre, a unha limitación razoable da duración do traballo e a vacacións periódicas pagas".

# PASATEMPOS


## SOPA DE LETRAS

Atopa as 7 palabras ocultas nesta sopa de letras e terás un plan alternativo para este verán

A	S	Z	B	M	E	Q	V	D	A
L	I	P	A	R	U	I	D	C	D
U	P	A	S	E	R	U	E	R	I
Z	A	L	R	G	R	T	I	E	N
G	L	I	B	R	O	E	D	V	D
A	N	B	E	I	C	M	F	I	T
Ñ	I	Q	L	Z	Q	S	A	S	F
B	I	B	T	X	A	B	T	T	O
L	I	C	O	B	G	M	N	A	M
B	X	Ñ	L	P	O	Z	A	O	F

## LABIRINTO

Que tal se che dan os labirintos? Por si este verán alguén te enreda para entrar nun labirinto, aquí deixamos o noso para que practiques e non che custe saír. Moita sorte.



Pega mega zafacega  
zafagorda  
escachapelada e xorda,  
por que criaches os teus pegos megos  
zafacegos zafagordos  
escachapelados e xordos?  
Se eu non fose unha pega mega  
zafacega zafagorda  
escachapelada e xorda,  
os peguños non serían meguños  
zagaceguños zafagordiños  
escachapeladiños

Gancho, reviragancho,  
que tanto reviragancheache,  
deixa que te desreviraganchee  
con este desreviraganchiño  
que teño para desreviraganhear  
ganchos revirangancheados  
nas pólas do carballal.



## CHISTES

E por suposto... non podían faltar os chistes que nos deixástedes na Biblioteca. Para rir e non parar.

Un chicho lé pregunta a su padre:  
- Papá, ¿me prestas el coche?  
A lo que el padre contesta: - No, hijo. No puedes usarlo de momento sin mi supervisión.  
El chico un poco molesto le replica: - Uy, perdón por no tener superpoderes como tú.

Están dos niños mirando un libro de física y uno le dice a otro:  
- Era feo Albert Einstein...  
Y el otro le contesta:  
- Pues anda que su hermano Frank...

La profesora le pregunta a Jaimito: ¿cuánto es 2 por 1?  
A lo que Jaimito contesta: - Dos por uno es una oferta.

- ¿Cuál es el árbol más valiente?  
- La palmera, porque duerme con el coco

Un señor entra en una tienda de disfraces y pregunta:  
- ¿Tienen trajes de camuflaje?  
- Sí, pero hace meses que los buscamos.

Jaimito entra en el autobús y pregunta: - ¿Cuánto cuesta el bus?  
El conductor contesta: - 1 euro  
Entonces Jaimito muy contento saca el euro del bolsillo y dice:  
- Bájense todos que me lo quedo.

Era un niño tan pequeño, tan pequeño, tan pequeño, que su cabeza olía a pies.

¿Cuál es el colmo de un oso panda? Que le hagan una foto en blanco y negro.

E agora... para que non se che trabe a lingua, aquí van uns trabalinguas ben arreesados

## GALERÍA DE FOTOS



# LECTURAS REFRESCANTES 2016



Chega o verán e por fin temos tempo para poder facer moitas máis cousas, saír cos amigos, ir á praia, facer deporte, comer xeados.....e por suposto tamén ler!!! e para iso propoñémosvos estas lecturas tan refrescantes.

## De 7 a 9 anos

- El misterio del timbre de Begoña Oro. N PAN /r
- A illa do tesouro, adaptación de la novela de Robert L. Stevenson. N STE ill/ r
- A Arbore xenerosa de Shel Silverstein. N SIL arb/ r
- Contra los fantasmas del bosque de Maite Carranza. N SIE /r
- El taller de emociones de Elsa Punset. PUN/ r
- Daisy y lo malo de los zos de Kes Gray. N GRA dai/ r
- El príncipe feliz: cuento para niños de Oscar Wilde. N WIL prí/ r
- Viaje a las cavernas de Mary Pope Osborne. N OSB via/ r
- El gran libro de los bichos de Yuval Zommer. 59 ZOM gra / r
- Códigos secretos (Detective sabio). 79 Det / r

## De 12 a 15 anos

- El museo de los ladrones de Lian Tanner. N 820 TAN gua / a
- Mentira de Care Santos. N 860 SAN men/ a
- Reo de Xesús Fraga. N 869.9 FRA reo/ a
- Me parto TV de James Patterson. N PAT mep / a
- Las aventuras de Huckleberry Finn de Mark Twain. N 820 (73) TWA ave/ a
- La increíble historia de...el chico del millón de David Walliams. N 820(73) WAL inc/ a
- Héroe por casualidad de Laura Gallego. N 860 GAL her / a
- The Mystery Team. Cazadores de pistas de Isaac Palmioli. N 860 PAL mys / a
- 22 misterios de la historia de Geórgia Costa. 93 COS vei / a

## De 9 a 12 anos

- El club de los raros de Jordi Sierra. N SIE clu / v
- Escarlantina, a cociñeira defunta de Leticia Costas. N COS esc/ v
- Entre todas las estrellas de Cristina Alfonso Ibáñez. N ALF ent / v
- Nena e o mar de Erica Esmoris. N ESM nen/ v
- Mortadelo y Filemón. Olimpiadas Río 2016 de F. Ibáñez. 087.6 IBA ave/ v
- Alma y la isla de Mónica Rodríguez. N ROD alm/ v
- El tesoro de Las Bermudas de Sir Steve Stevenson. N STE aga / v
- El diario de Lerdus Maximus de Tim Collins. N COL dia / v

## De 15 a 18 anos

- After de Anna Todd. N TOD aft / m
- El juego infinito de James Daszher. N DAS jue / m
- Percy Jackson y los dioses griegos de Rick Riordan. N RIO per / m
- Algo tan sencillo como darte un beso de Blue Jeans. N BLU alg / m
- Omnia, todo lo que puedas soñar de Laura Gallego. N GAL omn / m
- Lady Midnight (Cazadores de sombras. Renacimiento) de Cassandra Clare. N CAZ / m
- El asombroso legado de Daniel Kurka o el secreto de Niko Tesla de Mónica Rodríguez. N ROD aso / m
- La saga de los Legados de Lorien de Pittacus Lore. N LEG / m

## SABÍAS QUE...

... a torre Eiffel mide máis no verán que no inverno?

Así é, dependendo da calor ambiental a altura da torre Eiffel pode variar ao redor de 12 centímetros máis ou menos. O motivo é que a calor dilata os corpos, mentres que o frío contráelos. No caso do ferro, material co que está construída a torre, sábese que unha variación de 300 metros aumenta 3 milímetros de longo se se quenta un grao centígrado, así que botade contas...



## QUE HAI DE NOVO...?

\* **ACTIVIDADES.** Apúntate nos **"Obradoiros de pintura"** dunha semana de duración, durante todo o mes de xullo e a primeira quincena de agosto. Infórmate na biblioteca ou chamando ao 981 080 171

\* **CONCURSO DE VERÁN. # BdconMilibroyMisombrilla.** Déixanos unha foto co teu lugar favorito da provincia para gozar dunha boa lectura.

\* **HORARIO.** No verán estamos pola **mañá de 10:00 a 14:00 h** e pola **tarde de 18:00 a 20:30 h** e os **sábados pechado.**

\* **FINALIZAMOS CO BONOLIBRO!** Parabéns a todos os que o conseguistes, agora podes gozar de todas as súas vantaxes: ter un préstamo adicional de materiais da biblioteca e preferencia á hora de anotarse nas actividades.

\* Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

**WEB:** <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>

**Blog:** <http://bibliotecadicoruna.blogspot.com>

**Fotos:** [www.flickr.com/photos/bibliotecadicoruna](http://www.flickr.com/photos/bibliotecadicoruna)

